

EU TAMÉN LEO. FÁCIL LECTURA NO ROU.

1.- Que é a Fácil Lectura?

En primeiro lugar, antes de falar da nosa experiencia, quero retomar as palabras que utiliza Óscar García Muñoz no seu libro *Lectura fácil: Métodos de redacción y evaluación*, para definir o concepto de Fácil Lectura. Di así:

“ O Grupo Educación y Diversidad (EDI) sinala que **a fácil lectura** (ou lectura fácil) é **un plantexamento xeral sobre a accesibilidade á información e á comprensión das mensaxes escritas das persoas con diversidade intelectuais e de aprendizaxe**”.

2.- Por que é necesaria a Fácil Lectura?

En segundo lugar, é necesario facernos a seguinte pregunta: Por que é necesaria a Fácil Lectura?

- Porque un 30% da poboación ten dificultades lectoras.
- Porque o acceso á lectura é unha necesidade social e un dereito recoñecido en diversos textos legais nacionais e internacionais.
- Porque ler é un pracer que permite compartir ideas, pensamentos e experiencias.

Asociación Lectura Fácil (LF)

3.- Os nosos comezos

No curso 2010-11 Lucía Barreiro, profesora terapeuta do instituto e Adela Rodríguez, coordinadora do Club de lectura nese momento, manifestan a imposibilidade de que o alumnado que acode a aula de apoio poida incorporarse ao Club de lectura de 1º e 2º da ESO polas especiais características destes alumnos: dificultades lectoras, dificultades de lectura comprensiva e, en moitos casos, dificultades na expresión oral.

Estes alumnos van á primeira reunión do club, recollen o libro pero, na maioría dos casos, non chegan á reunión da posta en común.

Necesitan polo tanto un club distinto, con lecturas e actividades especialmente escollidas e deseñadas para eles. Iniciamos así o Club “Aventuras e misterio” con *Gerónimo Stilton* para o primeiro trimestre e *El libro de la selva* para o segundo. As sesións son semanais e fanse nos recreos. A actividade estrela resultou ser “*Eu leo ti escoitas*” na que se fixo unha lectura en voz alta da antoloxía de poemas “La Rosa de los Vientos”. Requiriu moito tempo e esforzo por parte dos rapaces pero quedaron moi contentos co resultado.

4.- Na actualidade

Dada a boa acollida dos rapaces, Lucía e máis eu, decidimos ampliar horizontes.

Os nosos obxectivos principais estaban claros:

Por unha banda, estimular a lectura no alumnado con dificultades lectoras.

É importante destacar que o rexeitamento á lectura que teñen especialmente estas rapazas e estes rapaces, converteos nun público un tanto difícil. Queríamos que perdesen o medo aos libros, animalos a achegarse a eles e comprobar que ler pode ser fácil e divertido.

Por outra banda, tentamos axudar ao alumnado inmigrante na súa integración social e cultural .

No noso centro, a porcentaxe de alumnado inmigrante é bastante elevada. Para os que non son hispanofalantes , unha das principais barreiras que teñen ao chegar ao noso país é o descoñecemento do idioma. A súa integración social depende en gran parte do acceso ao coñecemento de novos usos, costumes, cultura, información,... e ese acceso soe estar baseado na lectura de contidos escritos.

En canto aos inmigrantes hispanofalantes do noso centro, o seu nivel de alfabetización é bastante baixo, a súa escolarización deficiente e as súas circunstancias persoais e sociais impedíronlles moitas veces ter un acceso normalizado á lectura.

5.- Como funcionamos?

Eliximos libros elaborados por editoriais especializadas en Fácil Lectura, xa que seguen as directrices internacionais da IFLA en canto ao contido, linguaxe e forma.

As súas características son moi claras:

- Non utilizan unha linguaxe abstracta.
- As frases son curtas e sen subordinacións.
- Seguen un único fío argumental.
- A tipografía é clara, grande, con boas marxes e espazado.
- Evitan un vocabulario complexo e explican palabras nas marxes.
- Reforzan o texto con ilustracións.

No 2012-13, tiveron unha lectura ao longo de todo o curso: *La isla del tesoro*.

Este ano, tiveron unha por trimestre. Para o 1º *La isla del tesoro*, para o 2º *Las aventuras de Tom Sawyer* e para o 3º unha lectura común cos clubs de 1º e 2º de ESO: *Cartas de Inverno*, a banda deseñada de Antonio Seijas baseada na obra de Agustín Fernández Paz.

A forma de traballo utilizada neste tipo de club dista un tanto da doutros clubs. É importante destacar que:

- NON LEN O LIBRO NA CASA (porque non teñen autonomía suficiente).
- A LECTURA É POLO TANTO CONXUNTA E EN VOZ ALTA.

No noso club hai aproximadamente 6 rapazas e rapaces que se xuntan coa PT nas horas de Lingua Castelá.

- Empezan facendo unha rolda na que len en voz alta. O que non quere non le. Non se os corrixen en exceso, xa que teñen liberdade para sentirse cómodos na actividade. Pódese simplemente “ guíalos ” un pouco.
- Lese un capítulo en cada sesión. Se se deixa a medias, na seguinte sesión pérdense.
- Ao final de cada capítulo faise unha charla-debate oral.

No caso de *La Isla del tesoro*, falamos das viaxes e con *Tom Sawyer* da amizade.

- Créase certa expectación para a seguinte sesión lanzando preguntas sobre que pasará no seguinte capítulo.
- Fanse tamén actividades escritas. Trabállase por exemplo o vocabulario ou a descripción.

En canto ás actividades complementarias:

- No curso 2012/13

Ao rematar *La Isla del tesoro* fixemos unha merendola, vimos a película baseada no libro e colgamos as nosas impresións no noso blog:
www.voarcoslibros.com

- No curso 2013/14

No primeiro trimestre: Fomos ao teatro ver *La Isla del tesoro* e comentamos no blog o que nos pareceu a obra.

No segundo trimestre: Tivemos unha sesión cine con “palomitas” vendo o clásico das *Aventuras de Tom Sawyer*.

Tamén facemos actividades conxuntas cos outros clubs do centro:

- Visitamos a Biblioteca Pública do Casco Vello de Vigo onde fixemos unha formación de usuarios.
- Comemos no instituto e asistimos á unha charla que nos deu unha rapaza que traballou de cooperante na India.

6.- Reflexións

Como dixemos na nosa introdución, a Lectura Fácil perfílase claramente como unha ferramenta para a inclusión social a través da democratización da lectura.

Poder ler proporcionoulles confianza a Sofía, Soraya, Manuel, Alex, Nestor, Santi, Modou e tantos outros.

Capacitounos para ampliar a súa visión do mundo e para tomar as rendas da súa propia vida.

7.- Valoración dos rapaces

➤ VIDEO